

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 23 DE NOVEMBRO DE 2010

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/214/2005.- Juan Ramón Mariño Tojo. Subsanación de erro no acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2005.

LIC/403/2008.- PROMOCIONES SANJOREY SL. Derruba de dúas edificacións existentes e nova construción dunha edificación para 4 vivendas, locais e garaxes na rúa Vista Alegre, 121-123-125

PARCELACIONES.-

LIC/2027/2010.- Vázquez Garabal, Manuel,- Parcelación urbanística, da parcela 138-2-A da zona de concentración parcelaria de Santa María de Figueiras (+)

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

2277/10.- Silva Perez, BalbinaLIC/48/2003.....	2.164€
2268/10.- MANTENGO, 2000 SL LIC/1828/2005.....	6.000 €
2270/10.- Fernández Adrán, Verónica LIC/6/2009.....	5.048'56 €
2281/10.- Lugo Otero, Luis LIC/658/2005.....	81.341'43 €
2297/10.- Gómez Fontelo, José ManuelLIC/653/2001.....	1.791'01 €
2306/10.- Manzano Maceira, IsabelLIC/2537/2003.....	2.525 €
2311/10.- Piñeiro Pombo, Virtudes LIC/1577/2010.....	1.000 €

OCIHR

LICENZAS

LIC/814/2009.- D. LUIS LOSADA MARTÍNEZ.- Rehabilitación de vivenda familiar en rúa de Sar nº 72.

LIC/1853/2009.- D. CONSORCIO DE SANTIAGO.- Intervencións na Casa do Cabildo na praza das Praterías nº 5.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

DIS/1070/2010.- DAMASTOR JOSE BARREIRO SANDE.- Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles danos derivados pola ocupación de vía pública cunha estada na rúa das Trompas nº 11. O importe da fianza é de 601 €.

DIS/930/2010.- CONSTRUCCIONES Y REFORMAS NAYCA SL.- Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles danos derivados pola ocupación de vía pública cunha estada na rúa do Hospitaliño nº 3. O importe da fianza é de 601 €.

DIS/998/2010.- CARMEN PAREDES PAREDES.- Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles danos derivados pola ocupación de vía pública cunha estada na rúa do Pombal nº 34. O importe da fianza é de 601 €.

4.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbanse definitivamente 10 axudas para locais comerciais por importe de 62.844,55 euros; unha axuda para elementos especiais de madeira por importe de 4.923,40 euros; e apróbase solicitar o pagamento da axuda para elementos especiais de madeira para 8 vivendas por importe de 86.623,81 euros.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á revisión de tarifas dos servizos prestados nas instalacións do multiusos Fontes do Sar e do Complexo Deportivo Santa Isabel pola empresa Xade, SL.

Acórdase a revisión de tarifas nun 0,80% correspondente ao IPC comprendido entre decembro de 2008 e decembro de 2009.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación da resolución inicial da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do Deporte Federado 2010.

Apróbase a resolución inicial, pola que se concede un total de 235.999,73 euros a 57 entidades deportivas.

7.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á estimación de solicitude de incentivo de xubilación por incapacidade permanente absoluta dun funcionario falecido. Estímase a solicitude.

8.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao aboamento de prestacións por servizos extraordinarios e plus de transporte.

Abóanse os servizos extraordinarios de diverso persoal municipal.

9.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación da resolución da convocatoria de axudas sociais correspondentes ao ano 2009.

Apróbase a devandita resolución.

10.- Aprobación definitiva do Proxecto de urbanización do 3º sector solo urbanizable non programado número 37 (SUNP-37.3) Costa Vella.

Apróbase definitivamente o devandito proxecto de urbanización segundo o documento presentado por Emuvisa o 5 de novembro de 2010.

11.- Aprobación definitiva do Proxecto de urbanización do solo urbanizable non programado número 38 (SUNP-38) Formarís.

Apróbase definitivamente o devandito proxecto de urbanización segundo o documento presentado por Emuvisa o 5 de novembro de 2010.

12.- Proxecto de construción da 1ª fase do enlace da N-550 cos ámbitos industriais SUNP-37.3 (Costa Vella), SUNP-38 (Formarís) e FINSA.

Apróbase definitivamente o devandito proxecto segundo o documento presentado por Emuvisa o 5 de novembro de 2010.

13.- Aprobación da modificación de trazado da rede de media tensión e elementos accesorios do Proxecto de urbanización do SUNP-25 (Roxos).

Apróbase o plano reformado de instalacións de enerxía eléctrica presentado pola Xunta de Compensación do SUNP-25 con data 5 de abril de 2010.

14.- Rexeitamento da petición de revisión formulada por D. Ubaldo Rivas Romero en relación co Plan especial de protección e rehabilitación do conxunto fabril de Brandía.

Rexéitase a devandita petición ao non concorrer causas de nulidade que xustifiquen a súa revisión de oficio pola administración.

15.- Proposta da alcaldía relativa á asignación de nomes a diversas rúas da UX-16 Santas Mariñas.

Asígnanse os nomes de Isidoro Millán González-Pardo, Anotnio Machado Álvarez (Demófilo), Dolores Rodeiro Boado e Alfonso X O Sabio a catro rúas da UX 16 de Santas Mariñas.

16.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á aprobación do "Programa de Escena para o último trimestre de 2010".

Apróbase o devandito programa, cun orzamento de 88.900 euros.

17.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á dación de contas da concesión dunha subvención pola Secretaría Xeral de Emigración.

Dáse conta da devandita subvención por importe de 10.669,27 euros para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación retornada e inmigrantes extracomunitarios durante o ano 2010.

18.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación do programa de "Habilidades para unha vida saudable para o alumnado de 3º ciclo de primaria".

Apróbase o programa e un orzamento de 12.406,7 euros.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á aprobación do programa "III Concurso Catálogo de promoción comercial de Compostela regalar custa pouco".

Apróbase o programa cun orzamento de 28.500 euros.

20.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do IV Premio Internacional de Álbums Ilustrados.

Apróbase a devandita convocatoria cun orzamento de 12.000 euros.

21.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa ao inicio de contratación da sobras de saneamento e bombeo de augas residuais en Rochiña.

Apróbase o proxecto con utilización do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo pleno da Dputación, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 172.220,38 euros.

22.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á adxudicación das obras de restauración do parque natural Selva Negra.

Adxudícase o contrato de referencia á empresa INGENIERÍA MEDIOAMBIENTAL DE GALICIA, SA, por importe de 104.200 euros.

23.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á adxudicación provisional das obras de saneamento e bombeo de augas residuais en Sarela de Abaixo.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa CONSTRUCCIONES VALE, SL, por importe de 250.039,22 euros.

24.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación do proxecto de restauración do río Sarela entre Romaño e Galeras (Ponte Asén).

Apróbase o devandito proxecto por importe de 98.120,78 euros en 2010 e 62.345,85 en 2011.

25.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación da redacción proxecto vía verde Santiago-Ordes.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade establecéndose un tipo de licitación de 42.920 euros.

26.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á dación de contas da concesión de subvención pola Consellería de Medio Rural.

Dáse conta dunha subvención por importe de 3.209,49 para a edición dun díptico divulgativo sobre as árbores senlleiras da Alameda.

27.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de conserxería e limpeza nos campos de fútbol de Santa Isabel e As Cancelas e nos polideportivos de Pontepedriña e Lorenzo de la Torre.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento aberto establecéndose un tipo de licitación de 505.727,75 euros.

30.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á aprobación das bolsas para a realización de prácticas de alumnado no departamento de Língua Galega.

Apróbanse tres bolsas por un importe global de 8.100 euros.

31.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto modificado do de reurbanización de contornos urbaos de acceso á cidade (Rúa Galeras-Salvadas-Vista Alegre).

Apróbase o proxecto modificado, o que se traduce nun importe de 371.282,96 euros.

32.- Solicitude transmisión licenza autotaxi núm. 120 a favor de M^a de los Angeles Murujosa Espiño.

Autorízase a devandita transmisión.

33.- Dar conta da sinatura das actas de replanteo e de recepción das obras de Creación, equipamento e desenvolvemento de infraestructuras de innovación e desenvolvemento tecnolóxico: Sala de pantallas da Policía Local.

Dáse conta da sinatura das devanditas actas.

34.- Dar conta da sinatura de convenios con diversas entidades.

Dáse conta da sinatura dos convenios coas entidades Fundación Gonzalo Torrente Ballester, Asociación Cultural O Galo, Sala Capitol, Fundación Vía Galego, Asociación Cultural Seráns en Compostela, Curso Universitario Internacional Música en Compostela.

URXENCIAS

- Concédese licenza á Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia para a construción dun centro de acollida do Proxecto Home na parcela de equipamento asistencial no SUNP-17 do Paxonal, na rúa Cotelengo.
- Apróbase a contratación polo prazo de, alomenos, un ano, con posibilidade de prórroga por seis meses máis, de catro persoas (1 arquitecto superior, 1 arquitecto técnico e dous auxiliares administrativos) para poder dar resposta á situación que se vai xerar como consecuencia da aprobación definitiva da Modificación Puntual do Plan Parcial do Polígono do Tambre, coa presentación dun importante número de licenzas de obras e aperturas derivadas da devandita modificación.